



Concello de Ortigueira

ANUNCIO da *rectificación das “Bases que rexerán a convocatoria de axudas municipais a creación e mellora de PEMES e MICROPEMES no concello de Ortigueira”*.

Por Acordo da Alcaldía do día 14 de novembro de 2019, adoptouse a seguinte resolución:

“Expediente nº: 297/2019

Asunto: Rectificación das “Bases que rexerán a convocatoria de axudas municipais a creación e mellora de PEMES e MICROPEMES no concello de Ortigueira”.

Interesada/o: Concello de Ortigueira

Procedemento: Rectificación de bases de subvención.

RESOLUCIÓN

Antecedentes:

Considerando de interese público o apoio as PEMES e MICROPEMES do noso concello, sendo unhas das medidas para paliar o desemprego neste Concello e incentivar a conversión de persoas desempregadas en traballadores ou traballadoras autónomas, así como a posta en marcha de pequenas e medianas empresas, ou o fortalecemento das xa existentes..

Con data 26/03/2019, aprobase mediante decreto de alcaldía número 2019-0279, as “Bases que rexerán a convocatoria de axudas municipais a creación e mellora de PEMES e MICROPEMES no concello de Ortigueira”.

Con data 01/04/2019 publícase no Boletín Oficial da Provincia número 62, o anuncio das “Bases que rexerán a convocatoria de axudas municipais a creación e mellora de PEMES e MICROPEMES no concello de Ortigueira”.

Lexislación aplicable:

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 3/2003, xeral de subvencións (RXS).

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).

Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRFL).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Bases de execución do orzamento prorrogado para o ano 2019.

Consideracións:

Vistas a “Bases que rexerán a convocatoria de axudas municipais para frear a perda de poboación no concello de Ortigueira”.

Visto que esta alcaldía está facultada para aprobar as bases reguladoras conforme ao establecido no artigo 21.s da Lei Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Réxime Local, que atribúe a esta alcaldía entre outras a seguinte competencia: “*Las demás que expresamente le atribuyan la leyes y aquellas que la legislación del Estado o de las comunidades autónomas asignen al municipio y no atribuyan a otros órganos municipales.*”

Vistos a cantidade de expedientes presentados e que debido a carga de traballo, ao departamento tramitador non lle é posible resolvelos todos no prazo establecido nas mencionadas bases, de tal maneira que ningún solicitante vexa prexudicado os seus dereitos.

RESOLVO

Primeiro.- MODIFICAR A BASE DECIMO SEGUNDA que pasará a estar redactada da seguinte maneira

“BASE DECIMO SEGUNDA.- Xustificación e pagamento das axudas:

O beneficiario da axuda terá un prazo de 60 días para a presentación da documentación xustificativa que contará dende a aceptación expresa da axuda conforme ao establecido na base décima das presentes bases.

O pagamento da axuda concedida ao abeiro destas bases farase mediante pago único, previa comprobación por parte do instrutor do expediente de que a documentación xustificativa aportada é acorde cos requisitos establecidos, para o que deberán presentar, copia simple da seguinte documentación:

1. Títulos habilitantes da actividade.

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

2. *Copia de alta no modelo censual 036 da Axencia Estatal da Administración e copia do documento de alta no imposto de actividades económicas (IAE) ou certificación da Axencia Tributaria relativa a alta.*
 3. *Copias de facturas e xustificantes de pago dos gastos realizados necesarios para a instalación da empresa ou do novo centro de traballo, xunto co cadro que se presenta no anexo II destas bases reguladoras.*
 4. *Certificados de estar ao corrente coa Seguridade social e coas obrigas tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma. A comprobación de estar ao corrente co Concello de Ortigueira farase de oficio.*
 5. *Declaración responsable actualizada do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas como doutros entes públicos ou privados, ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.*
 6. *Declaración responsable de que se deu cumprimento a finalidade para a que se concedeu a axuda e que a empresa solicitante cumpre os requisitos para ser beneficiario da axuda e non incorre en ningunha das causas de prohibición previstas no artigo 10.2 da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e no artigo 13.2 da lei 38/2003, Xeral de Subvencións.*
 7. *Xustificación do cumprimento da obriga de publicidade establecida nas presentes bases (fotografías de carteis, escritos informando aos traballadores...).*
- Posteriormente a presentación da documentación xustificativa, o instrutor do expediente xirará visita ao beneficiario da axuda coa finalidade de levantar acta de cumprimento das inversións subvencionadas e do cumprimento dos requisitos de publicidade establecidos no punto 7 da base décimo primeira das presente bases."*

Segundo.- Que se publique a presente resolución no taboleiro de anuncios deste concello, no Boletín Oficial da Provincia e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)."

O que se fai publico para xeral coñecemento e aos efectos oportunos

O Alcalde

Juan Vicente Penabad Muras

Documento asinado dixitalmente ao marxe